Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Pedra dos Namorados de Mogor

Nesta laxe, xa desaparecida, de San Xurxo de Mogor, en Marín (Pontevedra) había gravuras con figuras de serpes. Quen sentaba nela, se era estéril, volvíase fecundo; quen a tocaba, se buscaba amor, conseguería o que quixese da persoa amada, e se eran dous e amantes xa, aseguraban de por vida a fidelidade mútua.
Quen quixese ter fillos con facer enriba da pedra por telos, tíñaos seguro. Cóntanse varios casos que confirman todo isto.

BIBLIOGRAFÍA

Aparicio Casado, B., Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega, Cadernos do Seminario de Sargadelos, 80, Edicións do Castro, Sada, 1999.

Rodríguez Figueiredo, M. "*Outra vez coa ofiolatría: dous achádegos interesantes"*, en Trabalhoss de Antropología e Etnología, XXII, fasc. 3, Porto, 1973.